

Cartas de presentación ou acompañamento

Entre as cartas de presentación destacan dous tipos:

- Contestación a anuncio
- Autocandidatura

A de contestación a anuncio, como o seu nome indica, é a empregada cando existe unha oferta de traballo concreta. Nela deben incluírse os datos da empresa, os do solicitante do posto, a referencia da oferta, e a data na cabeceira.

A estrutura consta de 3 parágrafos. No primeiro síndanse os motivos de contacto, neste caso farase referencia ó anuncio. No segundo parágrafo, denominado "venta dun mesmo" o candidato expón os méritos e motivacións para o posto, estas motivacións poden basearse na experiencia profesional, formación ou habilidades sociais e características de personalidade. No terceiro parágrafo solicítase contactar co entrevistador, é o que se denomina "posta a disposición". A continuación poñeríase a despedida, que debe ser formal e a firma.

Carta de autocandidatura. Emprégase cando o solicitante dun posto decide contactar cunha empresa por propia iniciativa sen que exista unha vacante coñecida. Con respecto á estrutura é a mesma que a das cartas de contestación a anuncio. A única diferenza é o primeiro parágrafo xa que os motivos de contacto son distintos, neste parágrafo sinalarase algunha característica de por que recorreremos a esa empresa.